



## AVISO SOBRE A ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE MONTE DE FOXÁS E SANTA MARÍA DE BENDAÑA (TOURO)

O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial do Medio Rural da Coruña, informa de que se vai realizar a entrega dos títulos de propiedade da zona de concentración parcelaria de Monte de Foxás e Santa María de Bendaña, Concello de Touro.

**Días: 15, 16 e 17 DE MARZO DE 2021**

**Hora:** as 10,00 h. comezará a entrega, coa orde que se indica na folla que se xunta.

**Lugar:** Local social de Foxás

Os títulos poderán ser retirados polos interesados, ou outra persoa no seu nome presentando o DNI da persoa que o retira e a autorización do propietario.

Os títulos de propiedade que non se recollan estarán a disposición dos interesados no Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial do Medio Rural (Edificio Administrativo de Monelos, rúa Vicente Ferrer, 2, 6º andar- A Coruña), dende o día seguinte.

Agradecemos a súa colaboración na máxima difusión deste aviso.

A Coruña,

Ana Arizón Fanlo

Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias  
(Asinado dixitalmente)

---

Como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo **Covid-19**, deberanse estreman as medidas de prevención, polo que:

- **Temperatura:** Medirase a temperatura a todos os asistentes antes de acceder ao interior.
- **Xel hidroalcohólico:** Dispensarase xel hidroalcohólico á entrada e á saída do local.
- **Mascaras:** Será obrigatorio o uso de mascararas.
- **Distancia:** Deberá gardarse unha distancia física interpersoal mínima dun metro e medio.
- **Aglomeracións:** Haberá persoal controlando os accesos ao local para evitar aglomeracións.

As persoas que neses días presenten síntomas compatibles cos provocados polo Covid-19, ou estean gardando corentena por ser eles mesmos positivos ou por ser contactos de positivos, non poderán acudir a esta entrega. Poderán solicitar posteriormente que se remitan os títulos de propiedade, por escrito e aportando a documentación precisa, ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural.





**DÍAS ENTREGA TÍTULOS: 15-16 y 17 de marzo 2021**

**HORARIO: 10.00 h. a 14.00h.**

**CITAS:**

<b>DÍA 15</b>	<b>10.00 h a 11.30 h</b>	<b>Propietarios de Besaña</b>
	<b>11.30 h a 12.45 h</b>	<b>Propietarios de Foxas</b>
	<b>12.45 h a 14.00 h</b>	<b>Propietarios de A Igrexa</b>

<b>DÍA 16</b>	<b>10.00 h a 11.30 h</b>	<b>Propietarios de Obra</b>
	<b>11.30 h a 12.45 h</b>	<b>Propietarios de Sobredo</b>
	<b>12.45 h a 14.00 h</b>	<b>Propietarios de Tolán</b>

<b>DÍA 17</b>	<b>10.00 h a 11.30 h</b>	<b>Propietarios de Bendaña</b>
	<b>11.30 h a 12.45 h</b>	<b>Propietarios de Lobagueiras</b>
	<b>12.45 h a 14.00 h</b>	<b>Propietarios de Barreiro</b>